

PAGAMENTO DA TAXA DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO MEDIANTE SISTEMA DE CONCURSO PARA A COBERTURA DE DOUS POSTOS LABORAIS FIXOS NA CATEGORÍA DE TECNICO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓN

Deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentar a solicitude a que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ao pago de taxas.

De acordo co sinalado en dito artigo, estarán exentas:

Do pagamento do importe total da taxa:

- As persoas con **discapacidade igual ou superior ao 33%**.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditalo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

- As persoas que sexan membros de **familias numerosas** clasificadas na **categoría especial**.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia compulsado ou orixinal do titulo de familia numerosa de carácter especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

Do pagamento do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de **familias numerosas** clasificadas na **categoría xeral**, deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia compulsado ou orixinal do titulo de familia numerosa de carácter xeral ou carné familiar en que conste o dito carácter.

- As persoas que figuren como **demandantes de emprego** desde, polo menos, os **seis meses anteriores á data da convocatoria** do proceso selectivo en que soliciten a súa participación e **non estean a percibir prestación** ou subsidio por **desemprego**.

Os aspirantes deberán indicar no modelo de solicitude si figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria do proceso selectivo e acreditalo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.



Pagamento da taxa:

O pagamento da taxa poderase efectuar de dous xeitos diferentes:

- A través do impreso de autoliquidación (modelo A1) en calquera das **entidades financeiras colaboradoras**¹ na recadación de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia. Deberá cubrir este documento, asinalo e realizar o ingreso na entidade, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante que deberá presentar xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo (Anexo I).
- De forma telemática, accedendo á Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia: <https://ovt.atriga.gal/inicio>
Seguindo a ruta *Cidadáns>Pago telemático de taxas e prezos>iniciar taxa*, a plataforma da dúas opcións, podendo facelo de dous modos:
 - **Tramitación electrónica:** Botón Iniciar Taxa > pagamento telemático que xeraría un **modelo 730** que deberá presentar, tras efectuar o pagamento xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo (Anexo I)
 - Tramitación presencial: Descargar modelo en branco > Descargar Modelo AI, que xeraría o **modelo 731** para facer o ingreso na entidade bancaria que deberá presentar selado pola entidade bancaria xunto coa solicitude (Anexo I).

Datos para o pago:

Consellería: 07 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Delegación: 13 SERVICIOS CENTRAIS

Servizo: 13 FUNDACIÓN PÚBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA)

Taxa: 300302 INSCRICIÓN NOS PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Obxecto do pagamento

INSCRICIÓN NO PROCESO SELECTIVO DO CONCURSO PARA A PRAZA TS-INV-HPC
OU BEN
INSCRICIÓN NO PROCESO SELECTIVO DO CONCURSO PARA A PRAZA TS-INV-TEDU

Datos do Pagamento

Total a ingresar: 44,17 EUROS

(no caso de presentarse ás dúas prazas deberá realizar o pagamento da taxa por cada unha das prazas ás que se presenta)

O CESGA devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes e

¹ Lista de entidades financeiras colaboradoras da ATRIGA:

https://www.atriga.gal/es_ES/informacion-tributaria/tributos/taxas-e-prezos/guia-practica-do-tributo/entidades-finaceiras-colaboradoras



que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso selectivo das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico coa Fundación CESGA no número 981569810, das 9:30 ás 15:00 horas, de luns a venres.

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O xerente,

Ignacio López Cabido

